

Quinto.-Contra esta resolución, e de conformidade co disposto nos artigos 107.1º e 114 ao 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as/os interesadas/os poderán interpoñer recurso de alzada perante a conselleira de Facenda, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2010.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

ANEXO
Persoal funcionario

Grupo	Escala	Denominación
A2	2052	Escala de enxeñeiros técnicos forestais

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Corrección de erros.-Resolución do 27 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se nomean os tribunais que deberán xulgar as probas do proceso selectivo para ingreso no corpo de mestres, así como o procedemento de adquisición de novas especialidades, polo persoal funcionario de carreira do corpo de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocado pola Orde do 11 de marzo de 2010 (Diario Oficial de Galicia do 25 de marzo).

Avertido un erro na Resolución do 27 de maio de 2010 publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 103, do 2 de xuño, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 9940, onde di: «Tribunal 14 Santiago de Compostela, Presidenta titular 33230657-G López Iglesias, María Soledad», debe dicir: «Presidenta titular 33275230-A Albarrán Gómez, Susana María».

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 18 de maio de 2010, da Xerencia de Atención Primaria da Coruña, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de coordinador de Servizo de Atención Primaria.

Convocada por Resolución 4/2010, do 26 de marzo (DOG nº 76, do 23 de abril), a provisión polo sis-

tema de libre designación, dun posto vacante de coordinador de Servizo de Atención Primaria, esta dirección xerencia, de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión de postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e en exercicio das competencias que ten atribuídas no artigo 3 da devandita orde e artigo 5º j) da Orde do 15 de xuño de 2009 (DOG nº 119, do 19 de xuño) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

ACORDA:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión dun posto vacante de coordinador de Servizo de Atención Primaria, anunciado por Resolución 4/2010 (DOG nº 76, do 23 de abril).

Segundo.-Nomear para o posto que se indica a persoa citada no anexo desta resolución.

Terceiro.-O aspirante nomeado deberá cesar na praza que desempeña dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo e por petición motivada do interesado, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados pola directora xerente da Xerencia de Atención Primaria. Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular e será declarado nesa situación polo órgano competente, quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Quinto.-Contra esta resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, recurso de alzada perante a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación.

A Coruña, 18 de maio de 2010.

Mª Jesús Rodríguez Abellón
Directora xerente de Atención Primaria da Coruña